



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XULLO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. JORGE CERDEIRA LOURO
D^a. BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D^a. CELIA ALEGRE MACEIRA
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día vinte e tres de xullo de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/06/2014).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o dezaioito de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras.

Dáse conta da proposta de modificación do texto da ordenanza fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, para adaptala á nova normativa sobre comunicacións previas e declaracións responsables, quedando os artigos modificados do seguinte xeito:

“Artigo 2.1- Feito Impoñible

1.- Constitúe o feito impoñible do Imposto a realización no termo municipal de Vedra, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non tida licenza, ou para a que se esixa a presentación da declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este concello.”



“Artigo 4.- Exencións

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeitas a este, sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións, e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se son obras de inversión nova como de conservación.

A declaración de que concorren as circunstancias expresadas no parágrafo anterior será efectuada polo órgano competente, previo informe dos servizos económicos”

Artigo 5º. Suxeitos pasivos e substitutos do contribuínte.

“5.2.- Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, no caso de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, os que soliciten as correspondentes licenzas, ou presenten declaración responsable ou comunicación previa, ou realicen as construcións, instalacións ou obras. Para a aplicación deste apartado considérase substituto de primeiro grado ao solicitante da licenza e contra este obrigado exercitarse a acción administrativa dirixida ao cobro do imposto. Cando non exista solicitude de licenza esixirase a presentación da declaración e o ingreso, á empresa que realice a construción, instalación ou obra.”

Artigo 7º.- Tipo de gravame e cota tributaria.

“7.1.- A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible os seguintes tipos de gravame:

A)Tipo xeral: 2%.

B)Construcións, instalacións e obras en solo industrial: 2,5%.

C) Construcións de edificacións plurifamiliares, vivendas colectivas ou promocións que na solicitude de licenza conteñan máis dunha vivenda unifamiliar: 3%.

Considérase como promoción de máis dunha vivenda unifamiliar aqueles casos nos que as licenzas, sen prexuízo de referirse no seu caso a unha soa vivenda, sexan solicitadas de xeito simultáneo ou sucesivo por un mesmo promotor, cando as obras estean situadas nun mesmo lugar”

Artigo 8.- Remuneración do imposto.

“8.2.- Para os efectos deste imposto, entenderanse iniciadas as construcións, instalacións ou obras, salvo proba en contrario, cando fora concedida a preceptiva licenza municipal, ou autorización nos casos en que sexa procedente a presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable; no momento no que sexa retirada a devandita licenza polo interesado ou o seu representante, ou noutro caso, ao mes da data da resolución do órgano competente”.

Artigo 9º.- Bonificacións



9.3.- Establécese unha bonificación a favor das construcións, instalacións e obras que, en edificacións e instalacións xa existentes, favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados. A bonificación establécese no 10% dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, a deducir da cota íntegra do imposto, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota. Non se concederá esta bonificación cando a eliminación de barreiras arquitectónicas sexa obrigatoria a tenor da normativa específica vixente en cada momento”

9.5.- As solicitudes de bonificacións incluídas neste artigo deberán presentarse con carácter previo á concesión das correspondentes licenzas ou autorizacións de declaracións responsables ou comunicacións previas nos casos en que proceda a súa presentación”

Artigo 10º.- Normas de xestión.

10.1.- Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, acompañada dos correspondentes presupostos, nos casos e modos que sinala a normativa aplicable ao solo e á edificación, tanto estatal, como autonómica e local. A solicitude de licenza urbanística, declaración responsable ou comunicación previa, terá o valor de declaración tributaria, por canto dos presupostos que acompañan a aquela deducirase a base imponible do imposto. De non mediar solicitude de licenza, declaración responsable ou comunicación previa, antes do inicio das obras, a conduta, sen prexuízo das súas repercusións urbanísticas, constituirá unha infracción tributaria, segundo o disposto no artigo 11 desta ordenanza. Os suxeitos pasivos que inicien a construción, instalación ou obra ou non tiveran presentado unha comunicación previa ou declaración responsable, nin tivesen concedida aínda a licenza preceptiva, teñen a obriga de presentar, no prazo máximo dun mes a contar dende o inicio da construción, instalación ou obra a declaración tributaria que permita practicar ao concello a correspondente liquidación provisional a conta.

10.2.- Concedida a licenza ou presentada declaración responsable ou comunicación previa, ou adoptado o acordo aprobatorio ou autorización en relación coas construcións, instalacións e obras que se realicen, ou cando sen ter solicitado, concedido ou denegado aínda a licenza preceptiva ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, sen que o pagamento comporte ningún tipo de acto declarativo de dereito a favor daqueles.

A base imponible para esta liquidación determinarase en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que o mesmo estivera visado polo colexio oficial correspondente cando iso constituía un requisito preceptivo. Noutro caso, a base imponible será determinada pola oficina técnica municipal en función dos módulos previstos na presente ordenanza, e que figuran como anexo da mesma.

“10.3.-O pagamento da liquidación practicada terá carácter provisorio e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras. No caso de que se modifique o proxecto e houbese incremento do presuposto, unha vez aceptada a modificación, deberá presentarse declaración complementaria pola



diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición aos requisitos sinalados nos apartados anteriores.”

“10.4. Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modificar a base imponible á que se refiren os apartados anteriores, facendo a correspondente liquidación definitiva, e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que resulte. Para a confección da liquidación definitiva, o obrigado tributario deberá declarar, no prazo de dous meses desde a finalización da obra, o seu custo real e efectivo, mediante a presentación do certificado ou presuposto final da obra visado polo colexio oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas ou de calquera outro documento que se considere oportuno.”

“10.7 O ingreso do imposto realizarase nos prazos establecidos no artigo 62.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.”

Posta a votación a citada modificación, o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a mesma.

3º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización de actividades de control no caso de presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Dáse conta da proposta de modificación do texto da ordenanza fiscal nº 7 reguladora da *taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización de actividades de control no caso de presentación de declaración responsable ou comunicación previa*, quedando os artigos modificados do seguinte xeito:

Artigo 3. Supostos de non suxeición.

“Non estarán suxeitos ao pagamento da taxa, pero si da obriga de solicita-la oportuna licenza, ou comunicación previa ou declaración responsable nos casos que proceda.....”

Artigo 4.- Suxeito pasivo.

“a) Sexan solicitantes dunha licenza ou que presenten comunicación previa ou declaración responsable nos casos que proceda.

b) Que executen as instalacións, obras ou construcións sen ter obtido a preceptiva licenza ou sen presentar a comunicación previa ou declaración responsable cando proceda.”

Artigo 6.- Cota tributaria

“6.3.- Para garantir a reposición do pavimento nas vías públicas, o petionario da licenza terá que constituír ademais un depósito que se ingresará na Tesourería, que será devolto unha vez que conclúan as obras e certifiquen os servizos técnicos municipais que se atopa en perfectas condicións. Para o caso das obras novas o aval devolverase cando se outorgue a licenza de primeira ocupación.



A contía do aval será determinada polos servizos técnicos municipais, á vista da documentación achegada polo interesado na solicitude e o tipo de urbanización afectada.

Determinado o importe notificaráselle ao peticionario xunto co acordo de concesión de licenza, ou logo de efectuar as actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.”

“Artigo 8.- Remuneración.

1. Remunérase a taxa e xorde a obriga de contribuír cando se comece a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo. A estes efectos, entenderase comezada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza urbanística ou comunicación previa ou declaración responsable, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando as obras se iniciaran ou executaran sen ter obtido a oportuna licenza ou presentado a comunicación previa ou declaración responsable, a taxa abonarase cando se comece a actividade municipal que conduce a determinar se a obra en cuestión é ou non autorizable ou conforme coa normativa aplicable, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para tal efecto ou a súa demolición se non foran conformes á normativa aplicable.

3. A obriga de contribuír, unha vez xurdida, non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza ou comunicación previa ou declaración responsable nos casos que proceda logo de comprobar que non se axusta á normativa aplicable, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante logo de concedida a licenza ou autorizada/comprobada a comunicación previa.”

“Artigo 10.- Normas de xestión.

1.- Os interesados na obtención dunha licenza de obras ou urbanística virán obrigados a presentar no Rexistro Xeral do Concello a oportuna solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable, acompañando, cando proceda, proxecto visado polo Colexio Oficial respectivo, especificando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado da mesma, medicións e destino.

2.-Cando se trate de actos nos que, de conformidade coa normativa estatal, autonómica e local aplicable, non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, acompañarase á solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable un presuposto das obras a realizar así como unha descrición precisa da superficie afectada, materiais a empregar, e en xeral, das características da obra ou acto, dos cales os seus datos permitan comprobar o seu custe.

3.-Se despois de formulada a solicitude de licenza ou comunicación previa ou declaración responsable se modifícase ou ampliase o proxecto, deberá poñerse en coñecemento da administración municipal, acompañando o novo presuposto ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.”

Posto a votación a citada modificación o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a mesma.



4º.- Aprobación, se procede, do novo texto do Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Vedra

Dáse conta da modificación do texto do Convenio Colectivo para o persoal laboral do concello de Vedra, que foi asinado polos tres sindicatos con representación no concello.

A Presidencia expón que é de resaltar que nos tempos actuais unha modificación dun Convenio Colectivo asinado polas tres centrais sindicais máis importantes, como son CCOO, UXT e CIG é digno de eloxio para todas as partes, equipo de goberno, traballadores, representantes dos mesmos e centrais sindicais, felicitando publicamente ao concelleiro don Rogelio Lema, que foi quen se encargou de negociar, discutir e atopar acordos para chegar a este consenso.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o citado convenio modificado.

5º.- Acordo, se procede, sobre designación de festivos locais para o exercicio 2015

Dáse conta da comunicación da Consellería de Traballo e Benestar dando traslado das festas laborais na Comunidade Autónoma e de carácter estatal e solicitando a designación dos dous festivos de carácter local para o ano 2015.

Propóñense como festivos locais para o ano 2015 a festa do Patio (21 de setembro) e o día de Santa Baia (10 de decembro).

O Pleno, con doce votos a favor do PP, PSdG-PSOE e TEGA e unha abstención do BNG acorda aprobar a citada proposta.

6º.- Acordo, se procede, sobre adhesión á asociación de concellos para a declaración do camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día 21 de xullo que di o seguinte:

“Dáse conta do asunto e da documentación relativa ao mesmo, entre esta, os estatutos de dita asociación.

A Comisión de Asuntos Xerais considerando que o tema é de interese para este concello informa favorablemente a proposta de adhesión á Asociación de Concellos Camiño Miñoto Ribeiro, coa abstención do grupo socialista”

A Presidencia expón que hai uns meses uns concellos da zona sur de Ourense puxéronse en contacto co noso concello para manter unha reunión para intentar visualizar e chegar a ter declaración oficial como camiño Xacobeo “O Camiño Miñoto Ribeiro”, estando documentado que pasa pola ponte de Sarandón, e afectando aos concellos de Lobios, Entrimo, Padrenda, Pontedeva, Cortegada, Arnoia, Ribadavia, Beade, Leiro, Boborás, Beariz, Forcarei, A Estrada, Vedra e Santiago de Compostela, e despois de varias reunións e dunha exposición de pintura feita por unha serie de médicos que levaban tempo promovendo este camiño, xorde a idea de que se unan os concellos para canalizar as accións, tendo como obxectivos, tal e como figuran nos estatutos, a regulación e promoción do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro; vertebrar e constituír un foro de debate continuo sobre das accións de conservación e promoción do Camiño; sensibilizar ás administracións públicas, canalizando as demandas, co obxecto de optimizar o



aproveitamento dos recursos da zona;etc, e nunha xuntanza informal no concello de Carballiño o pasado 30 de maio chegouse a un consenso nos estatutos da asociación que presidirá o concello de Cortegada e dado que nós estamos ao carón de Santiago, acordouse que tivésemos a Vicepresidencia, e dado que a todos os concellos lles preocupa o tema da cota a pagar, decidiuse que fosen 500 euros/anuais, e que en principio só estivese constituída por concellos.

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a adhesión á citada asociación e designar como representante do concello ao Sr. Alcalde-Presidente .

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas de dona Lucía González do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da sinalización no cruce que está fronte á casa do concello, di que se falou co Sr. Vidal da Deputación, e no tramo que vai pola Avenida non debería existir problemas porque existe un paso de peóns, e do outro lado ninguén debería aparcas dende o sinal ata o cruce, non poñendo el limitacións, pero non obstante advertíndonos de que el non sería partidario de sacar aparcadoiros, pois con 1-2 metros se solucionaría o problema de visibilidade.

2.- En canto á retirada dos taboleiros do paso elevado de Nande xa falou co Xerente de Acega, e comunicoulle o que había e quedou en solucionalo, así como en revisar o resto das pontes que existen no termo municipal, e posto que para a semana que vén ten outra reunión con el para tratar outros temas municipais que llo recordará.

3.- Polo que respecta á necesidade de alimentos por parte dalgunhas familias na época de verán, di que como xa dixo nese pleno as partidas de emerxencia social están totalmente abertas para cubrir as necesidades que existan, e de feito a pedimento do departamento de servizos sociais se ampliaron en 3.000 euros para alimentos, que probablemente non se gasten todos pero si existe esa dispoñibilidade.

--Ás preguntas do Sr. Cobas do PSdG-PSOE sobre do ámbito urbanístico, di que se deu a orde de abrir os catro expedientes correspondentes; avanzando que no caso de San Fins de Sales, de don Manuel Granja Raviña, xa existe un informe técnico ao respecto e que se remitirá o expediente á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU).

Polo que respecta á casa situada en Castrelo -Francés, propiedade do titular do local ZEUS, di que non dispón aínda do informe, e tan pronto dispoña del que verá o camiño que se toma.

No expediente de San Xián de Sales oficialmente abriuse o expediente pero tampouco se dispón aínda do informe técnico, e no de don José Manuel Orosa que existe xa informe e si lle corresponde ao concello iniciar os trámites do expediente de reposición da legalidade, que se fará na vindeira semana.

--Á pregunta do Sr. Pose de BNG sobre da cesión dos locais municipais, di que despois da Xuntanza de Voceiros o tema está encamiñado, e que en calquera caso o silencio administrativo, de existir será negativo, aínda que na próxima semana se contestarán as solicitudes.



--Ao rogo do Sr. Alvela de TEGA sobre de melloras na estrada que vai de A Gaiosa á Ponte de Sarandón, di que parte do solicitado xa está a nivel de redacción do proxecto, non todo, pero que se intentará por todo en marcha.

8º.- Rogos e preguntas

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula tres rogos:

- 1.- Que se limpe a ramaxe que invade a Avda. Argimiro González que impide o correcto tránsito de vehículos e o completo uso da beirarrúa.
- 2.- Que se fagan as xestións oportunas diante da Deputación para limpar a maleza que dificulta a pouca visibilidade na Ponte das Cabras, que xa se solicitou hai vinte días na última asemblea da Asociación de Veciños.
- 3.- Que se fagan as xestións oportunas para que se arranxe unha pista que vai dende a Ponte das Cabras ata Cacheiras, pois é bastante deficiente o arranxo que se lle fixo.

A Presidencia contéstalle que está de acordo na limpeza da ramaxe pero non só nesa avenida senón que hai máis zonas das beirarrúas, pero que antes quere ter unha reunión cos propietarios das parcelas lindantes para comentarlles o problema; e de non existir acordo con eles incluso contratar unha empresa para que leve a cabo a corta das pólas e despois repercutirle o custo aos mesmos, solicitando a colaboración de todos os presentes para que informen daquelas pistas nas que as pólas das árbores dificultan tamén o tránsito sobre todo dos autobuses escolares.

Di que polo que respecta á limpeza na Ponte das Cabras que se deu orde para que a brigada municipal fixese ese traballo, e en canto ao arranxo da pista, de titularidade do concello de Santiago, que lle remitirá un escrito ao Sr. Alcalde para que proceda ao seu arranxo.

--O Sr. Pose do BNG di que se fagan as xestións oportunas para que se incrementen as prazas de comedor escolar no CPI de Vedra, que se falou no último consello escolar, porque é un tema recorrente e este ano ao mellor algún neno/a queda sen praza de comedor, dado ademais que teñen o persoal e o espazo necesario.

A Presidencia di que é un tema que coñece en profundidade e que aínda que non se solucionou agora, é probable, e así llo comunicaron da Xefatura Territorial, e el llo trasladou ao Sr. Director do Centro, que en setembro si se poidan dispoñer desas 25 prazas máis que se solicitaron.

Tamén pregunta se Vedra está adscrita á APLU, e porque existe un expediente da súa responsabilidade, contestándolle a Presidencia que en principio é responsabilidade do concello os que están en zona de núcleo e urbana, pero non os que están en solo rústico.

Por último o Sr. Pose solicita que se contesten as solicitudes presentadas para a cesión de locais municipais, sinalando a Presidencia que si se contestarán todas na vindeira semana.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.